

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL REDONDELA

Ordenanzas e Regulamentos

TEXTO ÍNTEGRO APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL

ORDENANZA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE REDONDELA

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.—Réxime xurídico

A concesión de axudas e de prestacións coa denominación de intervencións de prevención do risco de exclusión social, rexeráse directamente polo disposto na presente Ordenanza, e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento, así como na Ordenanza Municipal Xeral de Subvencións no que sexa de aplicación.

Artigo 2.—Obxecto e natureza

2.1.—Constitúe o obxecto desta Ordenanza o recoñecemento de prestacións non periódicas de carácter económico, destinadas a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de carencia, urxencias sociais ou situacións de isllamento social, que de non tratarse poidan provocar un risco claro de exclusión social destas persoas.

2.2.—Están dirixidas a persoas individuais ou unidades de convivencia que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo sempre e en calquera caso un apoio ao acceso destas persoas a un itinerario de actuación, actual ou futuro, para integrar as persoas ou unidades de convivencia, e mellorar as condicións qu orixinaron a situación de risco.



2.3.—Estas intervencións de prevención de risco de exclusión terán en todo caso natureza de finalidade, de carácter urxente, debendo tramitarse á maior brevidade posible e debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foran concedidas, baixo a responsabilidade da persoa solicitante e a supervisión dos Servizos Sociais Comunitarios a través do persoal técnico correspondente.

2.4.—Serán intransferibles e, polo tanto, non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas.
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial, cambio ou comercio de tipo ningún.
- c) Ser obxecto de retención ou embargo, salvo que por disposición legal ou xudicial sexa obrigatorio.

2.5.—As intervencións para previr situacións de exclusión social terán natureza subvencionable, e a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito para esa finalidade no Orzamento xeral do Concello de Redondela, na partida habilitada a tal fin.

Artigo 3.—Criterios xerais para a concesión das axudas

3.1.—Para a concesión de axudas económicas deberán cumprirse os seguintes requisitos xerais:

- a) Que concorran situacións acreditadas de necesidade extraordinaria.
- b) Que dita carencia extraordinaria estea valorada polo/a traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios, a través do seu informe. E conforme a situación daquelas persoas nas que concorran 3 factores de exclusión social recollidos no artigo 3.1 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, ou pertenza a grupos de familias de especial consideración (art. 9 de Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).
- c) Que a necesidade de emerxencia non poida ser emendada nin atendida mediante as presetacións económicas individualizadas, RISGA ou outras de carácter periódico ou non periódico, e que, con carácter temporal, sexan necesarios outros paliativos para evitar a exclusión ou perda de coalidade de vida de difícil recuperación.
- d) Que a concesión das axudas xere maior nivel de autonomía nas persoas ou unidades de convivencia beneficiarias, de cara a desenvolver a súa vida ordinaria, e para que leve consigo unha mellora na eliminación da precariedade e eviten a exclusión social destas persoas.



Artigo 4.—Incompatibilidade das axudas

4.1.—As axudas previstas na presente Ordenanza son compatibles con calquera outra das concedidas por outras administracións, tendo, en todo caso, carácter complementario a elas. Unicamente serán incompatibles co goce gratuito de servizos que cubran as mesmas necesidades para as que se solicite a axuda (intervención).

Tamén serán causa de incompatibilidade, previa á resolución da axuda solicitada ao abeiro desta ordenanza, aqueles supostos nos que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia dispoña de resolución de concesión dunha axuda económica procedente doutra administración para a mesma finalidade. No caso de tratarse dunha unidade de convivencia composta por máis dunha unidade familiar, a procedencia ou incompatibilidade serán valoradas polo/a traballador/a social de referencia.

4.2.—Non se concederán axudas destinadas á amortización de débedas contraídas con esta ou outras Administracións Públicas, nin para o pagamento de servizos prestados por estas, ou que puideran selo.

4.3.—En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a persoa ou unidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Artigo 5.—Definición das prestacións que atenderán as axudas de emerxencia

5.1.—Estas medidas de intervención irán dirixidas a atender gastos específicos, de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de exclusión social, conforme se relacionan no Artigo 15 deste regulamento.

5.2.—Con carácter xeral, os recursos tramitaranse para atender un só concepto no período dun ano e, previa valoración do/a traballador/a social de referencia, poderán concederse axudas por varios conceptos no mesmo período, sen que as axudas dun concepto ou máis supere na súa contía global unha anualidade do salario mínimo interprofesional do ano en curso da solicitude (SMI de aquí en diante).



TÍTULO II PERSONAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Artigo 6.—Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas ou unidades de convivencia, que cumprindo os requisitos establecidos na presente ordenanza, dispoñan da súa residencia efectiva e empadronamento no municipio de Redondela, cunha antigüidade mínima de seis meses.

Enténdese por unidade de convivencia a formada por un conxunto de persoas que residen habitualmente baixo o mesmo teito e que poden estar ligadas ou relacionadas entre elas por lazos que poden ser de afinidade, amizade ou parentesco, etc...

Artigo 7.—Persoas perceptoras

Poden ser perceptoras das axudas as propias solicitantes e as súas unidades de convivencia.

Artigo 8.—Requisitos das/os solicitantes

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos ou estar emancipado legalmente, ou, no seu defecto, ter iniciado o trámite legal de emancipación.
- b) Estar empadroada/o e residindo no Concello de Redondela cunha antelación mínima de seis meses á data da solicitude.
- c) Acreditar a situación de carencia da forma requirida polo persoal técnico municipal en tempo e forma, e colaborar con el para facilitar esta acreditación.
- d) Achegar a documentación requirida en cada caso.
- e) Todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, así como os maiores de 16 anos que non estean cursando estudos oficiais, deberán aceptar expresamente as condicións establecidas no itinerario de intervención social deseñado para cada un deles.
- f) As persoas en situación de desemprego deberán estar inscritas como demandantes de emprego na oficina do INEM. As/os menores con idades comprendidas entre os 16 a 18 anos, ou maiores de idade que estean cursando estudos oficiais quedarán eximidos deste requisito, previa xustificación material desta situación.



g) A persoa solicitante deberá achegar declaración responsable de non ter recibido outra axuda de natureza análoga polo mesmo concepto doutras administracións ou entidades de iniciativa social.

h) A persoa solicitante deberá achegar declaración responsable de non ter incumpridas as obrigas por reintegro de subvencións.

i) Non concorrer ningunha das circunstancias previstas no artigo 13, apartado 2, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

j) Que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:

Número de membros da unidade de convivencia	Contía
1	SMI (persoa solicitante)
2	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)
3	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro)
4	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)

k) Non dispor de bens inmoebles de natureza urbana distintos á vivenda habitual, sobre os que posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos de forma inmediata ou no momento en que xurda a necesidade. Fíxase un tope de valor da vivenda en propiedade, sempre que sexa a única e habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral.

TÍTULO III XESTIÓN DE PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS

Artigo 9.—Documentación acreditativa

A documentación que deben presentar as persoas solicitantes é a seguinte:

1.—Solicitude, segundo o modelo oficial contemplado no Anexo 1, debidamente cuberto, acompañado de copia do DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, dos membros da unidade de convivencia que o posúan.

2.—Certificado de empadronamento e convivencia da persoa solicitante.



3.—Fotocopia do libro de familia e título de familia numerosa de ser o caso. Nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial deberase achegar copia da sentenza e convenio regulador ou, en caso de carecer destes documentos, poderase presentar calquera outra documentación que xustifique estas situacións. No caso de rutura da unión de feito deberase presentar certificado do rexistro correspondente acreditando a cancelación da inscrición da devandita unión.

4.—No caso de existencia de relacións permantes análogas á conxugal, ésta será acreditada en calquera das seguintes formas:

a) Mediante certificación do Rexistro de Parellas de Feito do Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Nos casos de mera convivencia de feito sen inscrición rexistral, a citada convivencia será acreditada mediante Declaración Responsable das persoas integrantes da parella, ou mediante copia compulsada de resolución xudicial que acredite a convivencia de feito.

5.—Xustificantes das achegas económicas establecidas en diata sentenza ou convenio regulador ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza ou demanda de execución.

6.—Resolución administrativa ou auto xudicial no que se formaliza o acollemento de menores, así como o certificado ou resolución do organismo competente, no caso de recibir remuneración por dita situación, indicando a súa contía.

7.—Xustificante de cursar estudos oficiais de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos, de ser o caso. No caso de que formen parte da unidade de convivencia menores de 16 anos, certificación emitida polos centros educativos nos que estean matriculados, indicando o número de faltas de asistencia sen xustificar.

8.—Fotocopia da tarxeta de desemprego dos membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos, e das persoas con idades comprendidas entre os 16 e 18 anos que non cursen estudos oficiais.

9.—Certificación do INEM que acredite se perciben prestación por desemprego, de todos os membros maiores de 16 anos da unidade de convivencia.

10.—Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade de convivencia a través de:



a) Nóminas, recibos, certificados de pensións, prestacións ou subsidios percibidos da Administración Pública (Seguridade Social, INEM) ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade de convivencia.

b) Todos os membros da unidade de convivencia deberán asinar unha autorización para o acceso aos seus datos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, Seguridade Social, etc. En caso de non autorizar ao Concello para acceder a estes ficheiros de datos, a persoa solicitante quedará obrigada a presentar os certificados correspondentes.

c) Fotocopia, no seu caso, das dúas últimas nóminas das persoas maiores de 16 anos que desenvolvan actividade laboral.

d) Fotocopia da Vida Laboral das persoas maiores de 16 anos, nos casos nos que o persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios o determine necesario.

e) Fotocopia da declaración da renda do último exercicio económico ou no seu defecto certificado negativo da facenda estatal.

f) Extracto de movementos de todas as contas bancarias das que sexan titulares calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os doce meses anteriores á formulación da solicitude.

11.—En caso de carecer de ingresos, declaración responsable da carencia absoluta de rendas e propiedades da unidade de convivencia.

12.—Calquera outra documentación que para a correcta avaliación da súa solicitude lle poida ser requirida durante a súa tramitación.

13.—Resolución motivada, no seu caso, doutras Administracións ás que lle solicitaran axuda e fora denegada.

14.—Certificación bancaria do solicitante no caso de ser o perceptor directo da axuda ou modelo de delegación de pago no caso de ser a persoa perceptora distinta da solicitante.

Artigo 10.—Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes de axudas de emerxencia presentaranse de acordo co seguinte:

10.1.—A solicitude, en modelo oficial, acompañada da documentación complementaria especificada no artigo anterior, presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela ou calquera outro medio establecido legalmente.



10.2.—Os expedientes poderán ser incoados de oficio, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, e en prevención de situacións de irreversibilidade ou dano irrecuperable.

10.3.—O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto, con carácter permanente. A concesión das axudas nese exercicio estará suxeita en todo caso á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

10.4.—A tramitación dos expedientes será considerada de carácter urxente, polo que os servizos sociais farán as xestións coa maior celeridade posible. Con carácter xeral non deberán transcorrer máis de 30 días naturais dende a data de rexistro de entrada ata a data da resolución, sempre que non se paralice por causa imputable á persoa solicitante.

Artigo 11.—Instrución dos expedientes

11.1.—Os Servizos Sociais Comunitarios recibirán as solicitudes e farán a súa valoración técnica comprobando que estea acompañada da documentación necesaria, en caso de non ter sido ésta presentada, dende o departamento requirirase para que a presente no prazo máximo de 10 días, de conformidade co establecido no Artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Se transcorrido este prazo a persoa interesada non achega a documentación requirida procederase á desestimación da axuda e ao arquivo do expediente.

11.2.—O departamento de Servizos Sociais poderá efectuar as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polas persoas interesadas, sempre que o estime necesario. Igualmente, poderá requirir a éstas as aclaracións por escrito e outra documentación que considere precisa para poder resolver o expediente.

11.3.—Unha vez que se complete o expediente, emitirase o correspondente informe social no que se acredite a necesidade e/ou urxencia da axuda solicitada e a proposta favorable ou denegatoria.

11.4.—Despois de ser emitido o informe, a persoa coordinadora dos Servizos Sociais municipais elaborará a oportuna proposta sobre a procedencia de conceder ou denegar a axuda solicitada. No caso de ausencia da persoa coordinadora, elaborará a proposta o traballador social de referencia da unidade.

Esta proposta será efectiva unha vez que a Intervención Municipal elabore o innorme favorable certificando a existencia de crédito e a súa fiscalización. A Intervención Municipal, baixo o criterio de celeridade de acordo co disposto na normativa, desenvolverá cales son os extremos que se deberán fiscalizar.



11.5.—En cada reunión mensual do equipo de Servizos Sociais darase conta e trataranse os casos que dentro desta ordenanza se resolvan nese mes.

11.6.—O pago da axuda poderá realizarse na figura da persoa solicitante ou ben da persoa prestadora do servizo. Neste último caso realizarase mediante a formalización da delegación de pagamento. En todo caso quedará ao criterio do/a traballador/a social dependendo da tipoloxía da axuda.

Artigo 12.—Presentación de nova solicitude

Non se poderá conceder máis dunha axuda económica por unidade de convivencia e por exercicio económico, agás que o/a traballador/a social valore que as circunstancias sexan de tal gravidade que xustifiquen unha nova concesión antes do transcurso do prazo establecido, en cuxo caso será necesario iniciar outro expediente.

Artigo 13.—Resolución

13.1.—A resolución do procedemento corresponderá á Alcaldía ou, no seu defecto, á Concellería que actúe por delegación expresa no ámbito da acción social. Con carácter xeral a resolución ditarase nun prazo máximo de 30 días naturais de acordo co establecido no artigo 10.4 desta ordenanza.

13.2.—A axuda concederase sempre en función dos créditos dispoñibles neste Concello e, sen que en ningún caso poidan superarse as contías máximas establecidas para cada un dos supostos específicos previstos na presente Ordenanza.

TÍTULO IV CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Artigo 14.—Indicadores da intervención

Para a concesión da axuda teranse en conta os seguintes indicadores:

a) Indicador económico. Con carácter excluínte. A súa aplicación ven determinada polo sinalado e descrito no Artigo 8.k).

b) Situacións de risco e/ou exclusión social de unidades de convivencia que estean presentado este risco e non estean aínda valoradas.

c) Proceso de intervención social individual ou familiar:

Será de aplicación a persoas e/ou unidades de convivencia en proceso de atención nas que se dean situacións de especial necesidade, sostidas no tempo.



d) Outras situacións excepcionais non contempladas nos anteriores puntos pero que, a criterio técnico do/a traballador/a social, poden ser incluídas nesta ordenanza para ser obxecto dunha intervención social.

Artigo 15.—Tipoloxía e contía das axudas

As axudas de intervención tipifícanse en:

a) Axudas para necesidades básicas xerais:

Defínense coma necesidades básicas con carácter xeral: alimentos, vestiario, calzado, produtos de hixiene, alimentación infantil, educación, etc.).

Aprobaranse dous meses de apoio consecutivos a estas necesidades básicas, sempre vinculadas ao informe social, onde se avalíe a gravidade da situación e a idoneidade da acción concreta. A contía máxima ascenderá ao do SMI mensual.

b) Axudas para o pagamento do aluguer da vivenda habitual.

A axuda será como máximo polo valor de dous meses de aluguer, salvo que por unha situación de excepcionalidade valorada polo persoal técnico dos Servizos Sociais se acorde un maior número de meses e sempre que a persoa solicitante non sexa propietaria doutros bens inmobles de natureza urbana. O importe da axuda ascenderá como máximo a dúas mensualidades do aluguer.

Neste caso, a persoa solicitante deberá acreditar mediante certificado catastral, que ningún dos membros da unidade de convivencia é propietaria/o doutros bens inmobles de natureza urbana, así como o contrato de arrendamento e a documentación acreditativa da débeda contraída polo non pagamento.

Nos casos nos que non houbera contrato de arrendamento por escrito, poderase xustificar, se así convén o persoal técnico (para vivendas moi antigas con contratos orais), a través de recibos de auga, gas, electricidade e outros que vinculen a persoa solictante coa vivenda que ocupa, sendo sempre neste caso preceptiva a visita a dita vivenda polo persoal técnico de servizos sociais.

c) Axudas para adaptacións da vivenda única e habitual.

Destinada a persoas con mobilidade reducida ou que sirva para proporcionar niveis mínimos de habitabilidade, cun importe máximo igual ao 300% do SMI mensual vixente.



Neste caso, a persoa solicitante deberá achegar o orzamento da obra correspondente ao custo de adaptación da vivenda, así como a documentación acreditativa de que ésta ten o carácter de vivenda única e habitual, e que é da súa propiedade.

d) Axuda á busca de vivenda en aluguer:

1.—En casos de desafiuzamento, por causas técnicas construtivas, por extinción de contrato ou calquera outra medida legal que supoña que a persoa solicitante vai ser desaloxada nun período breve de tempo, con grave risco de exclusión social. Esta axuda será incompatible coa do apartado b) deste mesmo artigo, dentro do mesmo ano.

Neste caso a contía da axuda será como máximo polo valor de dúas mensualidades da nova vivenda, acreditada mediante os medios dos que dispoña a persoa solicitante, salvo que por unha situación de excepcionalidade valorada polo persoal técnico dos Servizos Sociais se acorde un maior número de meses. O importe da axuda ascenderá como máximo a dúas mensualidades da nova vivenda.

2.—En casos de existir violencia de xénero. Cando así se recomende dende o Centro de Información da Muller do Concello de Redondela (CIM de aquí en diante), e por un período máximo de doce meses de aluguer.

Nos supostos de violencia de xénero ou doméstica, acreditarase esta situación mediante a orde de protección en vigor ou calquera outro dos medios previstos na Lei Orgánica 18/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Axudas para débedas derivadas do consumo de servizos esenciais da vivenda habitual.

Cubriranse un máximo de tres recibos de subministro de electricidade ou gas, cando quede acreditado que, de non facerse este pagamento, se procederá ao corte da subministración.

A persoa solicitante deberá acreditar o non pagamento de ditos recibos presentando a notificación de débedas ou de suspensión do servizo por non pagamento.

f) Axudas para adquisición de equipamento básico de primeira necesidade para a vivenda habitual.



O importe máximo será igual ao do SMI mensual. A axuda vai destinada á adquisición de electrodomésticos básicos e/ou mobiliario indispensable, común ou adaptado a persoas dependentes ou con grao de discapacidade recoñecido, e que non estean cubertas polo sistema público de saúde, en cuxo caso será obrigatorio un informe médico que aconselle ese útil ou mobiliario en concreto.

O/a traballador/a social comprobará a existencia da necesidade.

g) Axudas para o pagamento de hipotecas e evitación de desafiuzamentos.

A devandita axuda estará encamiñada a evitar unha situación de posible desafiuzamento inminente, coa cobertura dende o primeiro ao terceiro recibo de non pagamento, se unha avaliación técnica previa prevé que a situación económica da persoa solicitante é susceptible de mellora, e que esta poderá facerse cargo en diante, tras sufragar a débeda pendente, das seguintes cotas.

A solicitante deberá acreditar a débeda contraída coa entidade de crédito, así como a súa falta de pagamento, por cantas formas pertinentes sexan requiridas polo persoal técnico responsable. Así mesmo, a persoa solicitante deberá achegar o extracto bancario dos últimos 12 meses das contas onde perciban ingresos todos os membros da unidade de convivencia.

Esta axuda non poderá volver solicitarse, con carácter xeral, ata pasados dous anos.

h) Axudas sanitarias.

Estas axudas van dirixidas a sufragar gastos farmacéuticos e á adquisición de próteses e/ou materiais ortopédicos (non mobiliario), que necesitara a persoa solicitante por prescripción facultativa da Sanidade Pública, de non ser cuberta pola ésta, en calquera dos seus programas.

Será obrigatorio o informe médico da Sanidade Pública que xustifique a necesidade ou conveniencia da axudas, en caso de ter sido denegado polo sistema público de saúde, cómpre presentar a resolución denegatoria e a súa motivación.

O importe máximo será igual ao do SMI mensual.

Inclúense tamén os seguintes útiles:

- auditivos: adquisición ou reparación de audifonos.
- fonadores: adquisición ou reparación de aparatos de fonación.
- oftalmolóxicos: adquisición ou reparación de lentes graduados.
- favorecedores de mobilidade.



i) Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero e maiores ou menores ao seu cargo.

Cando calquera das axudas anteriores sexa solicitada por unha muller ou home, vítima de violencia no ámbito familiar ou de xénero, terase en conta a súa situación para os efectos do cálculo da axuda.

A situación de necesidade será valorada polo persoal técnico municipal de Servizos Sociais e do CIM.

Teranse en conta calquera das axudas contidas nos apartados anteriores, e calcularase un incremento dun 10% da axuda resultante, excepto nos casos do apartado d) punto 2, no que xa se contempla especificamente.

A situación de violencia de xénero ou doméstica, acreditarase de acordo co establecido no artigo 15.d.2) desta Ordenanza.

j) Axudas para o desenvolvemento de actividades de inserción socio-laboral. Para asistencia a cursos de formación, matrícula e transporte dos cursos non subvencionados e que requiran un desprazamento superior aos 3 km, sendo valorada a procedencia desta axuda polo/a traballador/a social de referencia, sendo a contía máxima da axuda ao do SMI mensual vixente.

TÍTULO V XESTIÓN ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN

Artigo 16.—Forma do aboamento

Os servizos económicos municipais realizarán, polos medios que en cada caso sexan operativos, o seu pagamento e fiscalización. O pago da axuda poderá realizarse na figura da persoa solicitante ou ben da persoa prestadora do servizo. Neste último caso realizarase mediante a formalización da delegación de pagamento. En todo caso quedará ao criterio do/a traballador/a social dependendo da tipoloxía da axuda.

Artigo 17.—Aboamento da axuda

1.—A contía, finalidade e forma de pagamento das axudas concedidas serán as que se determinen na Resolución.

2.—Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitude, pero persista a necesidade da axuda, e por motivos extraordinarios valorados previamente polo/a traballador/a social, poderase modificar a finalidade da prestación.



Artigo 18.—Xustificación do gasto

Como norma xeral, e en virtude desta ordenanza, deberá xustificarse sempre todo o gasto executado dentro do prazo do mes seguinte ao seu pagamento polos servizos sociais económicos do Concello.

A documentación xustificativa entregárase no departamento de Servizos Sociais Comunitarios, onde a persoa coordinadora se responsabilizará da súa comprobación.

O Concello a través da Concellería de Benestar Social, poderá proceder a cantas revisións periódicas estime oportunas para comprobar se se manteñen as causas que motivaron a concesión de todas as axudas. Para ese efecto, poderá requirir ás persoas beneficiarias das axudas para que comparezan ante esta Administración e presten a súa colaboración.

No caso de que non se fixera a xustificación en tempo e forma, ou que a documentación entregada sexa incorrecta, redactarase o oportuno informe co fin de que a Concelleira de Benestar Social adopte as medidas precisas.

Darase un prazo de 10 días á persoa beneficiaria para achegar os documentos correctos, e de non emendalos revogarase a axuda.

O incumprimento da presentación da documentación xustificativa e a non devolución da cantidade obxecto da axuda, serán condicións excluíntes para poder ser beneficiaria/o de novas axudas, distintas ou iguais ás solicitadas, durante un prazo de dous anos.

Artigo 19.—Obrigas das persoas beneficiarias

As/os solicitantes das axudas están obrigadas/os a:

- 1.—Comunicar ao Concello todas as variacións habidas na súa situación socioeconómica e da unidade de convivencia que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- 2.—Destinar o importe das axudas ás finalidades para as que se outorgaron. Para iso poden estar mesmo acompañadas de persoal técnico do departamento.
- 3.—Presentar ante o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Redondela, no prazo máximo de 1 mes desde a recepción da axuda, os xustificantes correspondentes ao destino dado á ésta, mediante facturas ou calquera outro documento con valor xustificativo.
- 4.—Permitir e facilitar o labor das persoas para verificar a súa situación económica e da unidade de convivencia, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- 5.—Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen aos fins para os que se concederon.



6.—Ter dispoñibilidade de comunicación efectiva e directa cos departamento de Benestar social, Emprego e PGIS.

7.—Participar nas accións ou actividades que se valoran tecnicamente de acordo ao diagnóstico social previo e, estipulado no itinerario de intervención social.

8.—Escolarizar e, poñer os medios para garantir a asistencia efectiva ao centro educativo das persoas menores de idade que se encontren ao seu cargo.

9.—Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade de convivencia.

10.—Manterse tanto a persoa beneficiaria das prestacións como, as persoas da súa unidade de convivencia que se encontren en idade laboral, dispoñibles para o emprego, agás cando se trate de:

a. Persoas afectadas por unha invalidez absoluta ou persoas en situación de dependencia recoñecida pola administración autonómica.

b. Persoas en situación de elevado risco de exclusión que, a xuízo dos servizos sociais comunitarios e/ou dos dispositivos de emprego, non se encontren en situación de incorporarse ao mercado laboral.

11.—Comunicar ao Concello, os feitos sobrevidos en relación ao cumprimento dos requisitos:

a. Calquera cambio relativo ao domicilio e residencia habitual (empadronamento ou residencia efectiva) da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia.

b. Acceso a un emprego ou prestación pública por parte da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia.

c. Modificación dos recursos económicos da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia, que servisen de base para o cálculo da prestación.

d. Calquera modificación que afecte á composición da unidade de convivencia independente.

En todo caso, as devanditas comunicacións deberán facerse no prazo máximo de 5 días naturais, contados a partir do momento en que acaeceron os feitos sobrevidos dos que se trate, por calquera medio que permita ter constancia de ditos extremos ao traballador ou traballadora social de referencia.



12.—Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponder a persoa beneficiaria ou as persoas da súa unidade de convivencia.

13.—Comparecer ante o Concello e colaborar con este, someténdose ás actuacións e comprobacións pertinentes, así como facilitar a información necesaria.

14.—Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou en contía indebida.

Artigo 20.—Causas de denegación

Poderán ser denegadas aquelas solicitudes que, malia cumpriren cos requisitos establecidos no presente Regulamento, poidan concorrer nalgunha das seguintes circunstancias:

- a. Que a axuda solicitada non sexa adecuada para resolución da problemática proposta.
- b. Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.
- c. Que no prazo dos 24 meses anteriores á solicitude fora revogada calquera outra axuda ou prestación social por incumprimento das condicións establecidas na súa concesión.
- d. Que a axuda solicitada sexa para cubrir débedas derivadas do incumprimento de obrigas tributarias con calquera outra Administración Pública, incluída a Seguridade Social.
- e. Que a axuda solicitada sexa para cubrir débedas derivadas do incumprimento de obrigas civís mercantís, agás as ocasionadas pola subministración de primeira necesidade e da vivenda.
- f. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos de asistencia médica ou farmacéutica susceptible de ser prestada na súa totalidade polos servizos públicos de saúde.
- g. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos derivados do establecemento profesional por conta propia.
- h. Que a axuda solicitada sexa para cubrir gastos derivados de situacións que orixinen demandas cuxa resolución sexa competencia legal doutras Administracións Públicas.
- i. Falecemento da persoa solicitante, salvo que o/a traballador social valore favorablemente manter a axuda para a unidade de convivencia.
- j. Cambio de residencia e/ou empadronamento fóra do Concello de Redondela.
- k. Desaparición das causas e/ou perda dalgún dos requisitos esixidos para a percepción das axudas.



l. Incumprimento por parte da persoa beneficiaria da prestación económica ou axuda ou se fora o caso, as persoas da súa unidade de convivencia de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.

m. Negarse a formalizar ou cumprir os compromisos asumidos no marco do itinerario de intervención social.

n. Non estar dispoñible para o emprego non permanecendo inscrita/o como demandante de emprego.

ñ. Percepción da Renda de Inclusión Social de Galicia ou prestación pública polo mesmo concepto.

o. Non comunicación á traballador/a social de referencia, no prazo de cinco días, un cambio das circunstancias económicas ou da composición da unidade de convivencia constituirá causa determinante da revogación e conseguine extinción da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requerimento polo órgano competente que, de non ser atendido, promoverá a acción executiva que corresponda, sen prexuízo das actuacións civís, penais ou doutra orde que en cada caso proceda.

p.—Renuncia expresa da persoa solicitante.

Artigo 21.—Revogación das axudas

1.—Falecemento da persoa solicitante (titular da axuda). Non obstante, atendendo ás condicións da unidade de convivencia e á situación económica, poderá acordarse o cambio de titularidade a outro membro da unidade de convivencia, mentres subsistan as causas que propiciaron a concesión.

2.—A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, logo do requirimento polo órgano competente.

3.—Traslado da residencia da persoa titular a outro municipio, excepto nos casos que o mesmo fora absolutamente necesario, como as mulleres e/ou menores vítimas de violencia de xénero.

4.—Renuncia expresa da persoa solicitante.

5.—Non cumprimento das obrigas das/os beneficiarias/os establecidas na presente Ordenanza.



6.—A falsedade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polas/os solicitantes poderá dar lugar á revogación da axuda, aínda cando a persoa solicitante reunira os requisitos para a súa concesión.

7.—Transcorrido un prazo de tres meses dende que a axuda está disposta para ser aboada, sen que o ingreso se puidera efectuar por causas imputables á persoa interesada, poderá ser revogada.

8.—Que non se xustificara debidamente a prestación concedida na forma e no prazo establecido ao efecto, dará lugar á revogación da axuda e extinción e á esixencia do reintegro das cantidades percibidas, no seu caso.

Artigo 22.—Notificación ás persoas interesadas

1.—O texto íntegro da resolución adoptada será notificado ás persoas beneficiarias, no domicilio que, para os efectos de notificacións, figure no expediente, de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.—Na notificación que se practique ás/aos beneficiarias/os da axuda indicaranse, de forma expresa, cales son as condicións que han de cumprir para facer efectivo o cobramento da axuda. Así mesmo, indicaráselle tamén de forma expresa que se no prazo establecido no artigo 18 desta Ordenanza, non cumprira as condicións establecidas, a Corporación Local revogará a axuda.

3.—A resolución, que será motivada, expresará os recursos que na súa contra se poidan interpor.

TÍTULO VI RECURSOS

Artigo 23.—Recursos

Contra a resolución que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición, no prazo de 1 mes, ante o órgano que ditou a resolución que se recorre.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira.—Medidas excepcionais

Se a través do informe e criterio do persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios deste Concello se recomendase a inclusión dalgunha medida non prevista na presente ordenanza, co ben de favorecer e previr situacións de exclusión, queda previsto nesta disposición adicional.

Prevese, con carácter de excepcionalidade, que poidan incluírse como beneficiarias/os as persoas que non cumpran a totalidade dos requisitos ou algún deles, sempre que o criterio do persoal de servizos sociais aconselle esa intervención social.

Do contido desta ordenanza son informadas as persoas voceiras dos grupos municipais.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOPPO e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A aquelas solicitudes de axudas que se atopen en trámite ou en fase de recurso na data de entrada en vigor da presente ordenanza, aplicaráselles o disposto nesta en todo o que lles sexa favorable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

No momento da entrada en vigor desta Ordenanza quedará derogada expresamente a Ordenanza Municipal de Prevención de Situacións de Exclusión Social do Concello de Redondela, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 121 do mércores 26 de xuño de 2013.

